



Sr. Director Xeral de Función Pública

Consellería de Facenda

Dentro da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia estanse a negociar acordos de mellora retributiva que afectan a colectivos concretos e específicos de persoal, tanto funcionarios como laboral.

Así, na Comisión de Persoal do pasado 15 de maio de 2018, e con respecto ao persoal (tanto funcionario como laboral) que realiza funcións de supervisión e seguimento da *Formación Profesional para o Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria*, acordouse a implantación cun Complemento Específico Diferencial **1.120 €/ano para o persoal funcionario e de 1.440 €/ano para o persoal laboral.**

Por outra banda, no referente ao colectivo de funcionarios pertencentes ás *Escalas de Axentes Forestais, Axentes facultativos medioambientais e Axentes técnicos en xestión ambiental*, estase a negociar **incrementos do Complemento de Destino que, como mínimo, consistirá no incremento no ano 2019 dos niveis 14, 16 e 18 ao niveis 15, 17 e 19 e no ano 2021 o incremento deses niveis 15, 17 e 19 aos niveis 16, 18 e 20.**

Así mesmo, a proposta mínima da Administración contempla un **incremento do Complemento de Produtividade** do 50%, pasando esta pasando esta de 255 €/mes a **383 €/mes.**

Ditos acordos, que veñen fundamentados ao maior esforzo e implicación dos citados colectivos no desenvolvemento das súas tarefas ordinarias, son apoiados e defendidos por CSIF como non podía ser doutro modo; e cando non o son é porque o colectivo afectado os considera insuficientes.

Na Administración Xeral da Xunta de Galicia, en calquera dos seus subgrupos profesionais ou categorías laborais, todos os traballadores por regra xeral realizan funcións superiores ás que lle corresponden pola súa titulación e se implican no exercicio do seu traballo máis alá do que legalmente lle é esixible.

Así, analizando as funcións que para corpo da Administración Xeral asigna a Lei do emprego público de Galicia é un feito certo que:

CSIF Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csif.es 🌐 www.csif.es/ambito/galicia

Con respecto ao Corpo Auxiliar (Grupo C2), ademais das funcións propias asignadas, na práctica real desenvolve funcións de *comprobación, xestión, actualización e tramitación de documentación, elaboración e administración de datos, inventariado de bens e materiais*; todas elas funcións correspondentes ao Grupo C1.

Con respecto ao Corpo Administrativo (Grupo C1), ademais das funcións propias, na practica real desenvolve tarefas de *aplicación das normas, xestión dos procedementos administrativos, propostas de resolución de expedientes normalizados e sen normalizar, así como informes que corresponden a tarefas de nivel superior*; todas elas funcións correspondentes ao Grupo A2.

E no que respecta ao Corpo de Xestión (A2), é tamén unha obviedade que na práctica diaria, ademais das súas propias funcións, desempeña funcións de *planificación, administración e xestión de recursos, servizos, proxectos e programas, tales como propoñer normas, deseñar procedementos administrativos, deseñar sistemas de xestión, preparación e deseño de resolucións administrativas e elaboración de informes e estudos para a toma de decisións*; todas elas funcións correspondentes ao Grupo A1.

E no que respecta ao Corpo Superior (A1), e debido a escasez de efectivos que adolece esta Administración, vese obrigado a realizar funcións de xestión ordinaria, tramitación e ofimáticas que tampouco lle corresponden

Mesmos exemplos son extensivos para o o **personal laboral** nas respectivas categorías e grupos profesionais.

En ningún deste casos este persoal percibe un complemento de produtividade por exceso de funcións.

A pesar de que a Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, prevé a implantación dun sistema de carreira profesional para todos os empregados públicos que, dalgún modo, podería compensar este maior esforzo e implicación do persoal na súa labor profesional o certo é que, transcorridos máis de tres anos dende a entrada


en vigor da citada norma, a implantación da carreira profesional non ten visos de ser unha realidade.

A labor de todos os profesionais que forman parte da Administración Xeral da Xunta de Galicia e imprescindible para o funcionamento da mesma, a pesar de que non teñan unha visibilidade social como poden ter a doutros colectivos. Pero non por iso tense que deixar de recoñecer e valorar por este goberno a súa labor nin poden permanecer nesta situación de discriminación.

En consecuencia, dende a CSIF consideramos imprescindible e urxente proceder ao recoñecemento da implicación e esforzo que **o conxunto dos empregados públicos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma**) están a amosar no día a día no desempeño das súas funcións, moi superiores as que por lei teñen asignadas.

Por isto, **SOLICITAMOS** que, **con carácter de urxencia se convoque as catro organizacións sindicais a unha mesa de negociación a fin de iniciar unha negociación de incrementos de Complementos Específicos que poña fin á histórica discriminación do conxunto dos empregados públicos da Administración Xeral da Xunta de Galicia.**

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2018


José Fco. Sánchez-Beunete Varela
Secretario de organización
e negociación autonómica,

CSIF Galicia

